B7.13. Describir os aspectos básicos da reprodución diferenciándoa da sexualidade e valorar os hábitos sexuais saudables como aspectos básicos da saúde física, mental e social.	B7.13.1 Explica e diferenza o proceso reprodutivo como forma de garantir a perpetuación da especie da sexualidade considerada como unha forma de comunicación afectiva e persoal	O alumno coñece a diferenza entre sexualidade e reprodución.	O alumno coñece a diferenza entre sexualidade e reprodución.	O alumno coñece a diferenza entre sexualidade e reprodución.	CMCCT CSC CCL
	B7.13.2. Interpreta esquemas nos que se representan os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino e especifica a súa función.	O alumno coñece as diferentes partes dos aparellos feminino e masculino.	O alumno coñece as diferentes partes dos aparellos feminino e masculino.	O alumno coñece as diferentes partes dos aparellos feminino e masculino.	CMCCT CAA
	B7.13.3 Describe a función das hormonas nos procesos que se producen o longo do desenvolvemento físico e psíquico do ser humano en relación a súa sexualidade.	O alumno coñece as hormonas que interveñen no proceso de relación sexual.	O alumno coñece as hormonas que interveñen no proceso de relación sexual.	O alumno coñece as hormonas que interveñen no proceso de relación sexual.	CMCCT
B7.14 Comprender o funcionamento dos métodos anticonceptivo e valorar o uso de	B7.14.1 Compara a eficacia dos distintos métodos anticonceptivos e analiza os factores persoais e sociais que poden determinar o seu uso.	Coñece os diferentes métodos anticonceptivos.	Coñece os diferentes métodos anticonceptivos.	Coñece os diferentes métodos anticonceptivos.	CMCCT CSC CCEC

ESA NIVEL II. MÓDULO 4					COMPETENCIAS CLAVE (*)
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN			
		Modalidade presencial	Modalidade semi presencial	Modalidade non presencial	
métodos de prevención de doenzas de transmisión sexual.	B7.14.2 Explica as medidas que se deben de tomar para evitar o contaxio das enfermidades de transmisión sexual.	Explica as medidas que se deben de tomar para evitar o contaxio das enfermidades de transmisión sexual.	Coñece as medidas que se deben de tomar para evitar o contaxio das enfermidades de transmisión sexual.	Coñece as medidas que se deben de tomar para evitar o contaxio das enfermidades de transmisión sexual.	CMCCT CSC CCL
B7.15 Coñecer as principais técnicas de reprodución asistida e de fecundación in vitro.	B7.15.1 Investiga e valora sobre as principais técnicas de reprodución asistida razoando en que casos se han de aplicar e os beneficios que supuxo este avance científico para a sociedade.	Coñece as distintas técnicas de reprodución asistida.	Coñece as distintas técnicas de reprodución asistida.	Coñece as distintas técnicas de reprodución asistida.	CSC CAA CD CCEC
B7.16 Diferenciar os conceptos de saúde e enfermidade segundo a OMS e descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que os determinan.	B7.16.1 Identifica a correlación existente entre algúns factores físicos, psíquicos e sociais e enfermidades relacionadas. B7.16.2 Establece diferenzas entre as doenzas que afectan ás rexións dun mundo globalizado e diseña propostas de actuación.	Identifica a correlación existente entre algúns factores físicos, psíquicos e sociais e enfermidades relacionadas.	Identifica a correlación existente entre algúns factores físicos, psíquicos e sociais e enfermidades relacionadas.	É consciente de que algúns factores físicos, psíquicos e sociais poden producir certas enfermidades.	CMCCT CSC CSC CSIEE

ESA NIVEL II. MÓDULO 4					COMPETENCIAS CLAVE (*)
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN			
		Modalidade presencial	Modalidade semi presencial	Modalidade non presencial	
B7.17 Clasificar as doenzas e determinar as infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan á poboación.	B7.17.1 Explica a diferenza entre enfermidades infecciosa e non infecciosa, transmisible e non transmisible, citando exemplos comúns, e relaciónaaas coas súas causas.	O alumno é que de diferenciar entre enfermidade infecciosa e non infecciosa, transmisible e non transmisible.E coñece causas.	O alumno é que de diferenciar entre enfermidade infecciosa e non infecciosa, transmisible e non transmisible.E coñece causas.	O alumno é que de diferenciar entre enfermidade infecciosa e non infecciosa, transmisible e non transmisible.	CMCCT CCL
	B7.17.2 Enumera os tipos de microorganismos capaces de provocar enfermidades e explica como defenderse para evitar que se produza unha enfermidade.	O alumno coñece os distintos microorganismos capaces de producir enfermidades.	O alumno coñece os distintos microorganismos capaces de producir enfermidades.	O alumno coñece algúns microorganismos capaces de producir enfermidades.	CMCCT CSC
B7.18 Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as súas funcións continuas	B7.18.1 Explica en que consiste o proceso de inmunidade e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.	Coñece a definición de inmunidade.	Coñece a definición de inmunidade.	Coñece a definición de inmunidade.	CMCCT CSC CCL

ESA NIVEL II. MÓDULO 4					COMPETENCIAS CLAVE (*)
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN			
		Modalidade presencial	Modalidade semi presencial	Modalidade non presencial	
contribucións das ciencias biomédicas, e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.	B7.18.2 Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns e medidas para facer un uso responsable dos medicamentos.	Coñece e valora a utilización dos medicamentos responsablemente.	Coñece e valora a utilización dos medicamentos responsablemente.	Coñece e valora a utilización dos medicamentos responsablemente.	CSC CCEC
B7.19 Recoñecer e transmitir a importancia que ten a prevención como práctica habitual, e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas.	B7.19.1 Recoñece que hábitos son adecuados o inadecuados para manter un estado óptimo de saúde e para previr enfermidades e mellorar a calidade de vida e xustifica con exemplos as eleccións que se poden realizar para promovera individual e colectivamente.	Sabe cales son os mellores hábitos para ter unha boa saúde e previr enfermidades.	Sabe cales son os mellores hábitos para ter unha boa saúde e previr enfermidades.	Sabe cales son os mellores hábitos para ter unha boa saúde e previr enfermidades.	CSC CAA CSIEE

ESA NIVEL II. MÓDULO 4					
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN			COMPETENCIAS CLAVE (*)
		Modalidade presencial	Modalidade semi presencial	Modalidade non presencial	
B7.20 Identificar as consecuencias positivas da doazón de células, sangue e órganos.	B7.20.1 Xustifica a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.	Valora a importancia da doazón.	Valora a importancia da doazón.	Valora a importancia da doazón.	CSC CCEC
Bloque 8: Ecoloxía e medio ambiente. Xestión sustentable do planeta					
B8.1 Expresar como se produce a transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica e deducir as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano.	B8.1.1 Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas e valora a súa importancia para a vida en xeral e o seu mantemento.	O alumno coñece os diferentes niveis tróficos.	O alumno coñece os diferentes niveis tróficos.	O alumno coñece os diferentes niveis tróficos.	CMCCT CSC
	B8.1.2 Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.	O alumno distingue a diferenza entre a circulación de materia e enerxía.	O alumno distingue a diferenza entre a circulación de materia e enerxía.	O alumno distingue a diferenza entre a circulación de materia e enerxía.	CAA CSIEE

ESA NIVEL II. MÓDULO 4					COMPETENCIAS CLAVE (*)
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN			
		Modalidade presencial	Modalidade semi presencial	Modalidade non presencial	
B8.2 Relacionar as perdas enerxéticas producidas en cada nivel trófico co aproveitamento dos recursos alimentarios do planeta desde un punto de vista sustentable.	B8.2.1 Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, valorando criticamente a súa importancia utilizando contextos próximos.	Valora a importancia de conservar os recursos naturais.	Valora a importancia de conservar os recursos naturais.	Valora a importancia de conservar os recursos naturais.	CMCCT CAA CSC
B8.3 Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o equilibrio do mesmo.	B8.3.1 Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	O alumno é quen de enumerar os factores que producen o desequilibrio dun ecosistema.	O alumno é quen de identificar os factores que producen o desequilibrio dun ecosistema.	O alumno é quen de identificar algúns factores que producen o desequilibrio dun ecosistema.	CMCCT CAA

ESA NIVEL II. MÓDULO 4					COMPETENCIAS CLAVE (*)
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN			
		Modalidade presencial	Modalidade semi presencial	Modalidade non presencial	
B8.4 Recoñecer as actividades humanas que contribúen aos principais problemas medioambientais.	B8.4.1 Identifica os principais problemas medioambientais que afectan ao planeta.	O alumno coñece os diferentes problemas ambientais do planeta.	O alumno coñece os diferentes problemas ambientais do planeta.	O alumno coñece os principais problemas ambientais do planeta.	CSC CSIEE
B8.5 Contrastar algunhas actuacións humanas sobre diferentes ecosistemas, valorar a súa influencia e argumentar as razóns de certas actuacións individuais e colectivas para evitar o deterioro da atmosfera, a auga e o solo.	B8.5.1 Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación da atmosfera, da auga e do solo, da desertización, esgotamento de recursos, etc.	Valora a actuación negativa do home no ecosistema.	Valora a actuación negativa do home no ecosistema.	Valora a actuación negativa do home no ecosistema.	CMCCT CCL CCEC CSC
	B8.5.2 Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.	O alumno coñece os diferentes problemas ambientais e é que de valoralos.	O alumno coñece os diferentes problemas ambientais e é que de valoralos.	O alumno coñece os principais problemas ambientais.	CMCCT CSIEE CCL CD

ESA NIVEL II. MÓDULO 4					COMPETENCIAS CLAVE (*)
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN			
		Modalidade presencial	Modalidade semi presencial	Modalidade non presencial	
B8.6 Concretar procesos de tratamento de residuos e describir a xestión que dos residuos se fai no seu contorno próximo.	B8.6.1 Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.	O alumno coñece o tratamento dos residuos e como é a súa recollida.	O alumno coñece o tratamento dos residuos e como é a súa recollida.	O alumno coñece o tratamento dos residuos e como é a súa recollida.	CSC CSIEE
B8.7 Contrastar argumentos a prol da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión na esfera familiar e social da importancia de practicar a regra dos tres R.	B8.7.1 Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais, utilizando para iso distintas fontes de información.	O alumno é quen de valorar pro e contra dos reciclaxes.	O alumno é quen de valorar pro e contra dos reciclaxes.	O alumno é quen de valorar pro e contra dos reciclaxes.	CSC CAA CD

ESA NIVEL II. MÓDULO 4					COMPETENCIAS CLAVE (*)
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN			
		Modalidade presencial	Modalidade semi presencial	Modalidade non presencial	
B8.8 Asociar a importancia da utilización de enerxías renovables no desenvolvemento sustentable.	B8.8.1 Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.	Valora a importancia do uso das enerxías renovables.	Valora a importancia do uso das enerxías renovables.	Valora a importancia do uso das enerxías renovables.	CSC CCEC CAA

3. TEMPORALIZACIÓN

Os contidos e os estándares de aprendizaxe son agrupados en unidades didácticas, para as cales se realiza a seguinte previsión de temporalización:

ESA. MODULO IV. ÁMBITO CINÉTIFICO TECNOLÓGICO	
UNIDADES DIDÁCTICAS	SESIÓNS
Ud.0. Avaliación Inicial	4
Bloque 1: Números e álgebra	8
Bloque 2: Xeometría	20
Bloque 3: Funcións	10
Bloque 4: Estatística e Probabilidade	20
Bloque 5: A orixe e evolución da Terra e da vida	8
Bloque 6: A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos	20
Bloque 7: As persoas e a saúde. Promoción da saúde	20
Bloque 8: Ecoloxía e ambiente. Xestión sustentable do planeta	10

4. METODOLOXÍA

4.1. Estratexias metodolóxicas

A metodoloxía para o desenvolvemento das unidades didácticas basearase nos seguintes principios:

- Ó comezo de cada unidade realizarase unha introdución, destacando os coñecementos e as habilidades que se adquiriran ó longo da mesma.
- Ó principio daquelas unidades que dependan fortemente de coñecementos previos realizarase unha sondaxe para determinar se o nivel é suficiente e, en caso contrario, tomar unha das seguintes medidas:
 - ✓ Realizar actividades de repaso antes de comezar a unidade.
 - ✓ Aproveitar o momento no que entren en xogo os devanditos coñecementos previos para deterse nos mesmos e aproveitar para repasalos. Esta será a opción preferible, pois a aprendizaxe será sen dúbida máis integrada e significativa.
- O desenvolvemento das clases farase da forma máis activa e participativa posible, tratando de que os alumnos interveñan activamente na corrección das actividades, discutindo dúbidas, presentando alternativas, comentarios, etc.
- No desenvolvemento das unidades irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de actividades relacionadas cos mesmos. Para a adquisición de novos coñecementos pódense combinar varios métodos, como poden ser: explicación directa, consulta de material por parte do alumno, estudo a través de contido dixital interactivo, exposición por parte dos alumnos, aprendizaxe por descubrimento, etc.
- Ó final de cada unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade que consoliden e relacionen entre si os coñecementos acadados.
- O profesor garantirá que os alumnos coñezan a resolución correcta de todas as actividades propostas e que poderán aclarar calquera dúbida relacionada con elas.

5. AVALIACIÓN

5.1 Procedemento de avaliación inicial

Na primeira semana do curso realizarase unha avaliación inicial en cada grupo para determinar o nivel xeral do grupo e o nivel particular de cada alumno. Para esta avaliación poderanse combinar unha ou varias probas escritas, actividades realizadas na clase e discusión en grupo. Aproveitarase este período para repasar aqueles coñecementos previos mínimos que se consideren imprescindibles e que non se consideren afianzados.

5.2 Procedemento de avaliación continua. Sistema de cualificación.

A avaliación non ten como único obxectivo cualificar a cada alumno senón que servirá para revelar as súas carencias e dificultades (ou mesmo a súas maiores expectativas) ó longo do proceso, a tempo para poder actuar sobre elas. Ademais non se valorarán soamente os coñecementos nos momentos puntuais das probas escritas, senón tamén a constancia, o interese e o nivel de atención que se amose día a día. Polo tanto a avaliación consistirá nunha observación sistemática da marcha dos alumnos. Por este motivo, e para fomentar a constancia e instar ós alumnos a seguir o ritmo de traballo marcado polo profesor, valoraranse as actividades que os alumnos realicen no taboleiro e propoñeranse con frecuencia actividades puntuais a todos os alumnos do grupo para ser cualificadas, sempre anunciadas previamente coa suficiente antelación.

Por outra banda, o procedemento de avaliación é tal que garante que os alumnos que acaden o grao mínimo de consecución en todos os estándares avaliados obterán unha cualificación positiva.

5.2.1 Instrumentos de avaliación

No grupo de 4º ESA A a materia será impartida polo profesor José Manuel Feijoo Buceta, quen establecerá as partes avaliáveis na que divide o Ámbito e os Criterios de Avaliación correspondentes a este mesmo grupo .

No grupo 4º ESA B, a materia será impartida ao 50% por dous docentes, Don Xosé Carlos González Avión, do departamento de Física e Química, que impartirá os bloques 1-4 (matemáticas) e Dña Ángeles Naveiro, do departamento de Bioloxía e Xeoloxía, que impartirá os bloques 5-8 (Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía) de xeito que cada docente establecerá as partes nas que divide a súa materia.

5.2.1 Instrumentos de avaliación-BIS (ESPECIFICO PARA 4º ESA A NOCTURNO)

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

- O cuatrimestre poderá ser dividido en tantas partes como o desexe ou considere o profesor, en función do desenvolvemento do cuatrimestre.
- Estas partes poderán ser tantas partes como unidades didácticas ou menos, agrupando a materia de distintas unidades **nunha soa parte** que quedara ao criterio do profesor ou do desenvolvemento do cuatrimestre.
- Estas partes poderán ser tantas partes como unidades didácticas ou mais, dividindo as unidades didácticas en **dúas ou mais partes**, que quedara ao criterio do profesor ou do desenvolvemento do cuatrimestre.
- A cualificación do cuatrimestre vira dada en función da suma dos **FACTORES AVALIABLES** que se expoñen a continuación, neles se avaliara a materia impartida (unidades didácticas) no cuatrimestre.

FACTORES AVALIABLES (4 apartados)

1 . DESENVOLVEMENTO. Comportamento e participación na clase, traballo diario na aula, preguntas escritas (con ou sen ordenador)(no taboleiro, caderno ou en follas), preguntas orais, exposicións puntuais dos alumnos no taboleiro, interacción, asistencia, motivación e interese pola materia, actitude, comportamento de cara a comunidade educativa (profesorado e compañeiros).

2 . PROBAS ESCRITAS. Exámenes, controles teóricos e/ou prácticos (con ou sen ordenador), probas escritas e/ou orais.

3 . TRABALLOS. Traballos escritos e/ou orais (con ou sen ordenador) (Boletíns, proxectos, memorias, resúmenes, esquemas, etc...).

4 . PRÁCTICAS. Aplicacións prácticas de conceptos teóricos desenvolvidos con ou sen ordenador.

- No caso de ser necesario (en cada cuatrimestre) de realizar mais dunha proba escrita, Traballos e/ou Prácticas, a nota resultante de cada factor será o promedio das cualificacións parciais dese factor.
- **A nota final do cuatrimestre será a suma destes 4 factores (2 ou 3 primeiros apartados, no caso de non facerse Traballos e/ou Prácticas) unha vez aplicados os porcentaxes (peso respectivo) ás notas promedio, obtidas para cada factor.**

Os distintos **FACTORES** para obter a nota, contabilizarán con un **peso respectivo**, das seguintes forma:

A. (No caso de NON facer Prácticas (Aptdo. 4) e NON ter realizados Traballos (Aptdo. 3)).

1 . 10%.

2 . 90%.

3 . -----.

4 . -----.

B. (No caso de NON facer Prácticas (Aptdo. 4) e TER realizados Traballos (Aptdo. 3)).

1 . 10%.

2 . 70%.

3 . 20%.

4 . -----.

C. (No caso de facer Prácticas (Aptdo. 4) e TER realizados Traballos (Aptdo. 3)).

1 . 10%.

2 . 70%.

3 . 10%.

4 . 10%.

D. (No caso de facer Prácticas (Aptdo. 4) e NON ter realizados Traballos (Aptdo. 3)).

1 . 10%.

2 . 70%.

3 . -----.

4 . 20%.

E. (No caso de NON facer Prácticas (Aptdo. 4), TER realizados Traballos (Aptdo. 3) e NON ter realizados Probas escritas (Aptdo. 2)).

1 . 10%.

2 . -----.

3 . 90%.

4 . -----.

F. (No caso de facer Prácticas (Aptdo. 4), NON ter realizados Traballos (Aptdo. 3) e NON ter realizados Probas escritas (Aptdo. 2)).

1 . 10%.

2 . -----.

3 . -----.

4 . 90%.

- En calquera caso, cada parte, será avaliada cunha nota de entre **0** e **10** puntos.
- **Calquera das partes avaliadas, só se consideraran superadas cando se acade unha cualificación mínima igual ou mais de 5.**
- **Unha vez feita a suma alxébrica de tódolos factores, nos porcentaxes antes expostos, o cuadrimestre, para ser considerado superado, terá que obter unha cualificación mínima igual ou mais de 5**
- As recuperacións, no caso de ser necesarias, e se o profesor considera oportuno facelas, faranse das partes avaliadas que non acaden a nota mínima de **5**.
- As recuperacións, para ser consideradas superadas, terán que obter unha cualificación igual ou mais de **5**.

Criterios para a realización de tarefas (Probas escritas, traballos, practicas e participación na clase):

- Aínda que a realización de calquera de estas tarefas solicitadas, sexan obrigatorias para obter unhas notas avaliadas, o alumnado poderá negarse a facelas de forma voluntaria, pero automaticamente asignaráselle unha cualificación de cero puntos.
- Se un alumno non se presenta a unha Proba escrita ou práctica presencial, asignaráselle no mesmo, unha cualificación de cero puntos, a menos que se lle presente ó profesor unha xustificación válida, nese caso, o profesor poderá optar por realizar outro exame noutra data ou incluírle a ese alumno a materia non examinada dentro doutra proba posterior.
- A utilización (ou presenza con accesibilidade manifesta) de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, auriculares ou outros medios tecnolóxicos, “chuletas” (de calquera tipo) , apuntes, parte dos apuntes ou follas “sospeitosas” durante un exame poderá ter como consecuencia a retirada inmediata do exame e a adxudicación dunha nota de cero puntos no mesmo.
- Se hai comunicación entre o alumnado sen permiso do profesor, o alumnado implicado poderá ter por consecuencia a retirada inmediata do exame e a adxudicación dunha nota de cero puntos no mesmo.

- Os prazos de entrega de tarefas (probas escritas, traballos, practicas, etc...) serán notificadas con adianto e no caso de non ser entregadas en forma e prazo, poderán ser rexeitadas e/ou non recollida (nota igual a cero), recollidas e non cualificadas (nota igual a cero) e/ou recollidas, cualificadas, pero restando da nota obtida, un número de puntos (acordados e comunicados polo profesor) igual a ós días de retraso que se tivese. O profesor decidirá cal das opcións será a elixida (opcións que serán notificadas no momento en que se pida ditas tarefas).
- Contémplase a posibilidade de que se nun exame se detectan cualificacións inusualmente baixas se pode repetir a proba se o profesor considera que é produto da excesiva dificultade do mesmo ou calquera outra causa allea ós alumnos. A repetición do exame será voluntaria para cada alumno, quedando como definitiva a nota máis alta entre as dúas probas.
- Algunha parte da materia (unha ou varias unidades) poderá ser avaliada, en lugar de mediante unha proba escrita, mediante un traballo, que poderá ser realizado en equipos ou individualmente e terá como produto/s final/is:
 - 1.a.i. Un traballo escrito entregado en papel e/ou en soporte informático.
 - 1.a.ii. Un traballo elaborado empregando outros medios e soportes: presentacións, folla de cálculo, aplicación informática de cálculo simbólico, xeometría dinámica, etc.
 - 1.a.iii. Unha exposición na aula, preferiblemente apoiada con medios tecnolóxicos.

Se se trata dun traballo en equipo con ou sen exposición na clase, a cualificación do traballo será obtida mediante a rúbrica ó efecto que figura no Apéndice **1. RÚBRICAS**. A cualificación de cada alumno será a do traballo, ponderada segundo a porcentaxe de participación e implicación de cada participante que consensuadamente declaren os membros do equipo. Calquera outro tipo de traballo será cualificado segundo unha rúbrica establecida no momento do deseño do mesmo.

Criterios de recuperación (no caso de que as houbese):

- As recuperacións non teñen carácter obrigatorio por parte do profesor, será sempre, o profesor, quen decidirá si é oportuno facelas ou non, en función das circunstancias específicas ou xerais do desenvolvemento do curso e/ou dos resultados acadados ao longo do cuatrimestre e/ou do tempo dispoñible.
- Ao longo do curso, o profesorado concretará (si se considerase necesario) aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá facer/entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos. (prazos que se notificarán con adianto en forma e prazo).
- A recuperación (no caso de realizarse por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

5.3 Procedemento de avaliación ordinaria

- No grupo de 4º ESA A (Módulo 4), se a nota obtida, é como mínimo **igual ou maior que 5**, o alumno terá aprobado o módulo 4 do ámbito científico tecnolóxico. En caso contrario deberá presentarse á proba final que consistirá en actividades ou preguntas relacionadas con calquera dos estándares de aprendizaxe do ámbito de tal forma que permitan apreciar se se acadou o grao mínimo de consecución dos mesmos.
- O alumnado que non acadou unha cualificación final mínima de **5** ou **máis de 5** na avaliación ordinaria do curso, terá que realizar unha proba obxectiva de recuperación extraordinaria de tipo escrito ou no ordenador (según sexa a materia), que en todo caso tratará sobre todas as unidades didácticas (materia impartida) do curso.

5.4 Procedemento de avaliación extraordinaria

- Nas sesións de clase que teñan lugar no período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado que teña que realizar a proba extraordinaria realizará tarefas para preparar dita proba. Neste período, o alumnado que teña superada a materia na avaliación ordinaria, poderá realizar tarefas de reforzo e ampliación por si quere acadar una nota maior.
- A finais de xuño, no calendario que estableza a Xefatura de Estudos, realizarase unha proba extraordinaria para aqueles alumnos que non conseguiran aprobar os Módulos 2 ou 4.
- As devanditas probas consistirán en actividades ou preguntas relacionadas con calquera dos estándares de aprendizaxe do ámbito que permitan apreciar se se acadou o grao mínimo de consecución dos mesmos.
- En función das partes suspensas na avaliación ordinaria, o alumnado terá que presentarse e avaliarse das partes que non foran superadas, tendo que acadar unha cualificación final mínima de **5** ou **máis de 5** na avaliación extraordinaria do curso.
- Entre as notas das distintas probas realizadas na avaliación ordinaria e extraordinaria, escollerase as notas máis altas para facer a suma alxébrica de tódolos factores, (escollendo as notas máis altas obtidas entre a avaliación ordinaria e extraordinaria) cos porcentaxes antes expostos. A avaliación extraordinaria, para ser considerada superada, terá que **obter unha cualificación mínima igual ou máis de 5.**

6. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

- **Atención individualizada para os alumnos que o requiran**
- **Reforzo individualizado para alumnos con dificultades.**

Para aqueles alumnos para os que se detectara a existencia de dificultades ou falta de base poderanse elaborar boletíns de actividades personalizados, segundo a ocasión o requira, con algún dos seguintes obxectivos:

- Adquirir a base ou o adestramento necesarios nos contidos previos que precisará o alumno para a unidade en curso.
- Reforzar a comprensión ou adestramento nalgúns contidos da unidade actual.

Estas actividades tamén poderán ser seleccionadas dalgún libro, no suposto de que haxa algunhas que se adecúen.

Estas actividades serán recollidas polo profesor, corrixiadas e devoltas ó alumno ó tempo que se lle comentan os erros e se lle explican as cuestións nas que se lle detectaran carencias.

A realización destas actividades poderá ser valorada cunha nota de clase polo conxunto das actividades dun día.

- **Ampliación individualizada para alumnos con maiores expectativas**

No caso da existencia dalgún alumno con maior capacidade e máis altas expectativas procurarase propoñerlle, cando haxa ocasión, algunha actividade extra seleccionada para que supoña un reto á medida das expectativas do alumno. Estas actividades serán recollidas polo profesor, corrixiadas e devoltas ó alumno ó tempo que se lle comenta calquera erro na resolución e se lle explica a resolución correcta.

A realización destas actividades será valorada cunha nota de clase máxima se realizou correctamente, e demostra comprender, aquelas que lle foran propostas para un día. Pola contra, no caso de haber erros en ningún caso se lle anotará unha cualificación inferior á máxima.

Se o alumno non realiza estas actividades con asiduidade, poderase abandonar a medida para o mesmo.

7. RECURSOS MATERIAIS

Empregaranse basicamente materiais elaborados polo profesorado xunto coas unidades didácticas e outros contidos dispoñibles na web www.edu.xunta.gal no espazo de educación para adultos. Isto tratará de complementarse cunha selección doutros materiais (textos científicos, periodísticos, divulgativos,...), de contidos online (blogs, páxinas web, unidades didácticas online, vídeos, ...) e actividades interactivas cando se considere oportuno.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento non ten programadas inicialmente actividades complementarias ou extraescolares. Se durante o curso xurde a posibilidade de participar nalgunha actividade relacionada coa materia, valorarase a súa conveniencia e, en caso afirmativo, someterase á aprobación do Consello escolar.

9. PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN

A presente programación estará no centro a disposición de toda a comunidade educativa en todo momento.

En Vilagarcía a de de 202....

Asdo.

Apéndice 1. RÚBRICAS

RÚBRICA – ACTIVIDADE REALIZADA EN EQUIPO CON EXPOSICIÓN ORAL								
	Excelente	3	Bo nivel	2	Aceptable	1	Insuficiente	Puntuación
							0	
Contido do traballo	Amósase dominio do tema, con ampla argumentación e detalle.		Demóstrase unha correcta comprensión e acompáñase de suficiente argumentación e detalle.		Demóstrase que se entendeu e traballou suficientemente. Xustifícase e detállase minimamente.		Contido incorrecto ou claramente pobre e insuficiente.	
Presentación do traballo entregado / presentado	A presentación está moi traballada e é visualmente atractiva.		A presentación é correcta e agradable.		A presentación é correcta e suficiente pero pouco atractiva.		Pobremente presentado. Non se apoia de gráficos, imaxes ou táboas que son necesarios.	
Expresión do traballo entregado / presentado	Expresión coidada, elegante e precisa, sen erros gramaticais nin ortográficos		Corrección na expresión e bastante precisión, sen erros lingüísticos.		Compréndese a exposición, non hai erros lingüísticos importantes, pero non está coidada a expresión.		Incoherente ou con erros ortográficos ou gramaticais importantes.	
Exposición oral do traballo	Tono de voz e linguaxe expresivos que captan o interese da audiencia. Emprega apoio audiovisual adecuado.		Fluída, o público amosa interese, aínda que se podería mellorar a expresividade. Emprega apoio audiovisual.		Clara pero pouco interesante. Pobre expresividade. O apoio audiovisual é escaso.		Pouco clara, inexpresiva e difícil de seguir. Apoio audiovisual moi deficiente ou inexistente.	
CUALIFICACIÓN DO TRABALLO (10·Total/12)								

NOTA.

A cualificación que recibirá cada alumno será a do traballo, ponderada segundo a porcentaxe de participación e implicación de cada participante que consensuadamente declaren os membros do equipo.

RÚBRICA – ACTIVIDADE REALIZADA EN EQUIPO SEN EXPOSICIÓN ORAL					
	Excelente 3	Bo nivel 2	Aceptable 1	Insuficiente 0	Ptos
Contido do traballo	Amósase dominio do tema, con ampla argumentación e detalle.	Demóstrase unha correcta comprensión e acompáñase de suficiente argumentación e detalle.	Demóstrase que se entendeu e traballou suficientemente. Xustifícase e detállase minimamente.	Contido incorrecto ou claramente pobre e insuficiente.	
Presentación do traballo entregado / presentado	A presentación está moi traballada e é visualmente atractiva.	A presentación é correcta e agradable.	A presentación é correcta e suficiente pero pouco atractiva.	Pobremente presentado. Non se apoia de gráficos, imaxes ou táboas que son necesarios.	
Expresión do traballo entregado / presentado	Expresión coidada, elegante e precisa, sen erros gramaticais nin ortográficos	Corrección na expresión e bastante precisión, sen erros lingüísticos.	Compréndese a exposición, non hai erros lingüísticos importantes, pero non está coidada a expresión.	Incoherente ou con erros ortográficos ou gramaticais importantes.	
CUALIFICACIÓN DO TRABALLO (10·Total/9)					

NOTA.

A cualificación que recibirá cada alumno será a do traballo, ponderada segundo a porcentaxe de participación e implicación de cada participante que consensuadamente declaren os membros do equipo.

Apéndice 2. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

– Comunicación lingüística (CCL).

A aprendizaxe deste ámbito científico-tecnolóxico require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua, que implican o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con textos en varios formatos, nos cales se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, agora aplicados ao contexto científico, tendo sempre presente, ademais, que a linguaxe é un instrumento humano básico porque permite razoar.

– Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Tanto a interpretación de sucesos, feitos e acontecementos como a experimentación no ámbito das ciencias naturais e da tecnoloxía implican a comprensión e a utilización do sistema numérico, a realización de cálculos, a estimación e o cálculo de magnitudes, a situación no espazo, o tratamento e a representación da información e a valoración do azar e a probabilidade. Necesitan a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos, demostrando os resultados matemáticos e valorando as solucións pola súa fiabilidade e veracidade.

Así mesmo, favorecen o incremento de destrezas para abordar a incerteza, o tratamento-to dos datos e os razoamentos cualitativos e cuantitativos de maneira lóxica e argumentada, para establecer relacións, para deducir conclusións coherentes ben fundamentadas a problemas cotiáns e para ampliar actitudes relacionadas coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia, como son a conservación de recursos naturais e outras cuestións ambientais. Todo iso contribúe ao desenvolvemento das capacidades necesarias para xerar coñecemento rigoroso, dun modo sistemático, como é intrínseco ao método científico, así como para desenvolver proxectos tecnolóxicos ben planificados.

– Competencia dixital (CD).

O estudo das ciencias naturais e a aplicación de procedementos característicos do desenvolvemento tecnolóxico e da investigación científica demandan o uso habitual das novas tecnoloxías da información e da comunicación. Precisan incrementar as habilidades de procura, selección e recompilación de información e desenvolver unha actitude crítica para analizar e interpretar a validez e fiabilidade do contido, co fin de resolver problemas, avaliar novas fontes de información e motivar a curiosidade polo coñecemento.

Ademais, este ámbito científico-tecnolóxico contribúe á ampliación de capacidades comprendidas na competencia dixital para seleccionar os soportes máis apropiados para observar, elaborar hipóteses, informarse, experimentar, resolver todo tipo de problemas, executar as tarefas técnicas adecuadamente e elaborar conclusións ben fundamentadas. Propón aprendizaxes mediante o uso dos diferentes recursos das tecnoloxías

da información e da comunicación de maneira responsable, fiable e segura, tanto para resolver problemas como para producir novos contidos.

– Aprender a aprender (CAA).

A metodoloxía didáctica deste ámbito científico-tecnolóxico prepara para formarse permanentemente ao longo da vida ao propoñer que o alumnado aprenda a observar e formularse cuestións sobre a realidade, a informarse, a estudar, a realizar unha elaboración persoal do coñecemento, a reflexionar e a elaborar respostas aos fenómenos naturais e tecnolóxicos que aparecen na súa vida cotiá. Todo iso esperta a curiosidade, incrementa a motivación e impulsa o desexo continuo de incorporar novos coñecementos.

Desenvolver proxectos persoais específicos das ciencias naturais axuda a conseguir un nivel relevante en autonomía e eficacia da propia aprendizaxe, ao que se chega mediante traballos individuais e en grupo. A formación en diferentes áreas do saber científico require un proceso introspectivo para valorar e relacionar os intereses e coñecementos previos con novos saberes e empregar todas as estratexias de estudo e traballo aprendidas: escoita activa, lectura, comprensión, análise, síntese, estruturación da información, elaboración persoal do saber, aplicación do coñecemento etc.

– Competencias sociais e cívicas (CSC).

O ámbito científico-tecnolóxico afianza a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e axuizar acontecementos, feitos, comportamentos, hábitos e valores para relacionarse co medio desde o respecto, mediante o diálogo, a cooperación e a participación a nivel local, nacional e europeo. Propón aprendizaxes para a toma de decisións ben fundamentadas e argumentadas, para a comprensión e expresión de diferentes puntos de vista. Propón estratexias para alcanzar o benestar persoal e colectivo.

– Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Este ámbito científico-tecnolóxico fomenta a capacidade de transformar ideas en actos, partindo de habilidades e destrezas persoais, ao abordar contidos, estratexias metacognitivas, procedementos e proxectos que dotan as persoas adultas de recursos para desenvólense adecuadamente e afrontaren de maneira autónoma retos persoais, sociais, académicos e laborais de moi diversa índole.

Consecuentemente, promóvense actitudes para aproveitar a información, desenvolver ideas, resolver problemas e presentar conclusións innovadoras.

Por outra banda, potencia a capacidade de análise, o pensamento crítico, a resolución de problemas e toma de decisións do individuo ao propoñer a interpretación e a análise crítica da información, coñecementos e acontecementos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía. Este ámbito favorece tamén o aumento da capacidade

requirida para afrontar a incerteza, o deseño e a implementación de plans de acción eficaces, propoñendo e argumentando solucións a diferentes problemas cotiáns con autonomía e iniciativa persoal.

– Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A persoa enriquece a súa competencia cultural ao coñecer, comprender, interpretar e gozar a natureza e o labor humano, tratándoos como obxecto de estudo e como fonte de inspiración de creacións artísticas. A beleza da natureza foi obxecto de estudo, valoración e recreación ao longo da historia. A intervención humana na natureza e a cultura póñense de manifesto na arte cos propósitos de informar, educar, crear e recrearse. A tecnoloxía é un constituínte esencial da cultura actual e, por iso, desempeña un papel fundamental como obxecto de estudo e representación e como instrumento de creación artística.

Este ámbito científico-tecnolóxico realiza achegas importantes á competencia en conciencia e expresións culturais ao propoñer a reflexión e a posta en práctica de actitudes de respecto, aceptación e disfrute das diferentes manifestacións culturais e artísticas, valorando a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades, pasadas e actuais, locais e universais, cun espírito aberto, positivo e solidario.